

ACTA DE DO TRIBUNAL CUALIFICADOR RELATIVA A VALORACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE, EN EXECUCIÓN DE SENTENZA, QUE SE REXE, TANTO POLAS BASES ESPECÍFICAS APROBADAS POLO ACORDO Nº 14/711 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESTE CONCELLO NA SESIÓN DO 22.11.2017, COMO POLAS “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE”, APROBADAS POLA XUNTA DE GOBERNO O 18 DE XUÑO DE 2008 E MODIFICADAS POLO CITADO ÓRGANO NAS SESIÓNS DO 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017, E PUBLICADAS INTEGRAMENTE NO BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO NÚMERO 099, DO 2 DE MAIO DE 2017.

Sendo ás 12,15 horas da mañá do día 26 de novembro de 2019, no Centro de Convivencia Uxio Novoneyra, sito na rúa Quiroga Ballesteros s/n, Lugo, reúnese o Tribunal cualificador da convocatoria do proceso selectivo mediante o sistema de oposición para o acceso en propiedade dunha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, en execución de sentenza, que se rexerá tanto polas bases específicas aprobadas por acordo 14/711 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 22.11.2017 como polas “bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre” aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017. As ditas bases foron publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 99, do 2 de maio de 2017, consistente no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 4 horas, de 3 temas extraído o chou de entre os comprendidos no temario de materias específicas, en concreto, do temas 15, 23 e 62 que resultaron elixidos no sorteo previo á realización do examen, ó día 14 de novembro de 2019, ás 9,30 horas, e que foron posteriormente obxecto de lectura pública polas/os aspirantes do referido proceso selectivo ó día 26 de novembro de 2019, ás 10 horas, no Centro de Convivencia Uxio Novoneyra, sito na rúa Quiroga Ballesteros s/n, Lugo, coa asistencia dos seguintes membros do mesmo que se citan a continuación:

Presidente: Don Juan Antonio López Fernández, Profesor do Instituto das Mercedes de Lugo.

Vogales: Dona Mª. Isabel Ozores Sieira, Funcionaria de Carreira A1 do Excmo. Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

JDR/jdr

Refª: Acta Tribunal proceso selectivo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local

Asunto: Acta valoración segundo exercicio

Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Funcionaria de Carreira A1 do Excmo. Concello de Lugo

Don José Real Castro, Xefe de Sección, Técnico Licenciado en empresas do Excmo. Concello de Lugo

Secretario: Don Justo Díaz Rodríguez (Secretario xeral do Pleno).

Primero.- Constituído o Tribunal, no lugar e data anteriormente expresados procedeu tras a lectura do segundo exercicio a avaliación do segundo exercicio realizado polas/os aspirantes do referido proceso selectivo.

Tras a corrección dos exames realizados polas/os aspirantes, acadáronse as seguintes cualificacións:

Nome	DNI.	Cualificación.	Puntuación.
Castiñeira Muiña, César José	709M.	Apto.	7,5 puntos.
Iglesias Varela María Elizabeth	716 Y.	Non Apta	

Segundo.- O Tribunal acordou conceder un prazo de 2 días naturais dende a publicación no WEB e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo, para presentar alegacións xustificadas ás cualificacións outorgadas por dito Tribunal.

E para que así conste e surta os efectos legais oportunos, se levanta a presente Acta as 12,30 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por todos os membros do Tribunal, de cuxo acto este Secretario certifico.

O Presidente do Tribunal.

Asdo.: Juan Antonio López Fernández.

Vogal.

Asdo.: Mª. Isabel Ozores Sieira.

Vogal.

Asdo.: José Real Castro.

O Secretario do Tribunal.

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez.

Vogal.

Asdo.: Ana Isabel Sáez Mancebo.